

**10.- Promocionar a cidade a través de congresos tecnolóxicos:** apostaremos polo coñecemento e a innovación como base para evolucionar cara a outro tipo de economía máis creativa e sustentable no tempo. Situar a cidade á vangarda das novas tecnoloxías representa un eixo prioritario e transversal, capaz de conformarse en dinamizador dun crecemento intelixente e integrador.

**11.- Fomentar e incrementar a participación, a cooperación e a coordinación no desenvolvemento turístico da cidade do sector público, do sector privado, dos axentes sociais e da cidadanía en xeral,** mediante o traballo continuo e sistemático. Salientamos especialmente a realización de actividades coa Mancomunidade do Salnés e con Terras de Pontevedra, así como o apoio local a actividades con asociacións de comerciantes, hostaleiros e do mundo educativo (sobre todo a Universidade).

En definitiva, o obxectivo final é conseguir un desenvolvemento turístico sostible e competitivo. As rendas que se pretenden xerar son fundamentalmente de tipo indirecto, por canto a dinamización da actividade económica que supón o turismo vai incidir de forma positiva na apertura de novos establecementos e na creación de novas empresas que van xerar unha maior riqueza e emprego e, por ende, posibilitarán o incremento dos ingresos municipais.

Os grandes ámbitos de competencia que ten que asumir a sociedade mercantil son os seguintes:

### **1. XESTIÓN**

Para o correcto funcionamento e a adecuada xestión das instalacións e recursos de Turismo de Pontevedra S.A. realízase unha valoración dos apartados que se enumeran a continuación:

- a) **Persoal**
- b) Limpeza
- c) Mantemento páxina web

- d) Xestoría
- e) Auditoría

#### **a) Persoal**

A Sociedade Mercantil Turismo de Pontevedra S.A na actualidade non conta con persoal, se ben as tarefas administrativas e de trámite son realizadas por persoal colaborador do Concello de Pontevedra.

Para o ano 2016 se solicitaron 2 becarios ao CIFP Carlos Oroza.

A Sociedade presenta o seguinte organigrama:

XUNTA XERAL

CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

PRESIDENCIA CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

SECRETARIO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

#### **b) Limpeza**

Durante o ano 2016 prestou o servizo de limpeza a empresa Xunca Xestión , S.L. O contrato adxudicouse mediante concurso. Durante o exercicio 2017 haberá que convocar novamente concurso para a adxudicación do servizo de limpeza.

#### **c) Mantemento páxina web**

Durante o ano 2017 a previsión e a contratación dunha empresa que se encargue do mantemento da páxina web

#### **d) Xestoría**

Durante o ano 2016 adxudicouse o servizo de xestoría a empresa UNIPRO, SL. A principios do vindeiro ano contratarase novamente o servizo de xestoria

#### **e) Auditoría**

A auditoría correspondente ás contas do ano 2015 foi realizada nos primeiros meses de 2016, pola empresa ACR Auditors Group.

Non existe ningún contrato con eles polo que pódese continuar con esta mesma empresa ou seleccionar outra para a realización da auditoria de contas da Sociedade para o ano 2016